

A REGULACIÓN DO EMPREGO E O FOGASA

11

Marta Puebla Vilariño

Funcionaria do SEPE (Servizo Público de Emprego Estatal)

Índice

Capítulo 11: A REGULACIÓN DE EMPREGO E O FOGASA	5
11.1. Regulación de emprego	5
11.2. Fogasa	11

Capítulo 11: A REGULACIÓN DE EMPREGO E O FOGASA

11.1. Regulación de emprego

Neste apartado analizaranse os expedientes de regulación de emprego tramitados e as persoas traballadoras afectadas cos datos facilitados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria con competencia en Galicia e coa información publicada polo Ministerio de Trabajo e Economía Social.

O Estatuto dos traballadores nos seus artigos 47 e 51 regula os despedimentos colectivos, suspensións do contrato ou reducións de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción ou derivados de forza maior.

No caso dos procedementos de extinción colectiva de contratos por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción por decisión da empresa, unha vez finalizado o período de consultas, con acordo ou sen el, a empresa poderá notificar os despedimentos de maneira individual ás persoas afectadas.

Aínda que non é necesaria autorización administrativa previa, si é necesaria a comunicación á autoridade laboral e o período de consultas.

Enténdese por redución de xornada a diminución temporal de entre un 10% e un 70% da xornada computada sobre a base dunha xornada diaria, con independencia do número de persoas traballadoras da empresa e do número de persoas afectadas, sempre que sexa por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.

Igualmente o contrato de traballo poderá extinguirse, suspenderse ou reducir a súa xornada por causas de forza maior.

A existencia de forza maior que motive a extinción, suspensión ou redución de xornada, debe ser constatada pola autoridade laboral calquera que sexa o número de persoas afectadas.

Denomínanse procedementos pactados aqueles nos que se alcanza un acordo entre empresa e representantes legais. Os procedementos sen período de consultas son aqueles que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.

A COVID-19 fixo necesaria a aprobación dunha serie de medidas normativas para facer fronte á situación sanitaria. Entre elas destaca o Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e

social da covid-19, e do real decreto-lei 9/2020, do 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral.

As suspensións de contrato e reducións de xornada que teñan a súa causa directa en perdas de actividade como consecuencia da COVID-19, incluída a declaración do estado de alarma, que impliquen suspensión ou cancelación de actividades, peche temporal de locais de afluencia pública, restricións no transporte público e, en xeral, da mobilidade das persoas e/ou as mercancías, falta de subministracións que impidan gravemente continuar co desenvolvemento ordinario da actividade, ou ben en situacións urxentes e extraordinarias debidas ao contaxio do persoal e a adopción de medidas de illamento preventivo decretados pola autoridade sanitaria, que queden debidamente acreditados, terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que se derivan do artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Co Real decreto-lei 11/2021, do 27 de marzo, todos os ERTE, tanto de suspensión como de redución, convértense en ERTE de suspensión, xa que as empresas deben transformar en días completos as horas de redución de xornada.

Nos ERTE COVID-19 non é necesario ter un período mínimo cotizado de 360 días e as solicitudes non son individuais, preséntaas a empresa de forma colectiva. Durante o período de alarma tampouco era necesaria a inscrición como demandante de emprego, polo que os datos do paro rexistrado non contan coas persoas perceptoras dos ERTE COVID-19, si figuran nos datos das persoas perceptoras de prestacións.

Para a realización deste informe non contamos cos datos facilitados pola Consellería Emprego e Igualdade, polo que vamos facer un análise cos datos do Ministerio de Traballo e Economía Social.

Dende a declaración do estado de alarma, non foi posible en moitos casos a remisión da información dos expedientes de regulación de emprego polas autoridades laborais das comunidades autónomas (CC.AA.) á Dirección Xeral de Traballo para a elaboración da información estatística. Por isto, para a elaboración do Informe de 2020 non podemos contar coa mesma información que en anos anteriores.

No ano 2020 a nivel estatal víronse afectados por procedementos de regulación de emprego 1.017.789 persoas, dos que o 66,7% eran de forza maior e o 33,3% por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción.

O máis destacado é o aumento de traballadores e traballadoras afectadas en 928.862 persoas máis que en 2019 e só tendo en conta os expedientes de ámbito nacional, por non estar dispoñible a información de ámbito provincial e das CC.AA.

Cadro 11.1**Persoas traballadoras afectadas por despedimentos colectivos, suspensión e redución de xornada e por causa alegada. España. 2020-2019**

	2020*			2019
	Valores absolutos	Variación sobre año anterior		Valores absolutos
	2020	Absolutas	Relativas	
Persoas traballadoras	1.017.789	928.862	1.045	88.927
Despedimentos colectivos	8.614	-22.257	-72	30.871
Suspensión/reducción	1.009.175	951.119,0	1.638,3	58.056,0
Causas				
Forza maior	678.916	677.412	45.041	1.504
Outras	338.873	251.450	288	87.423
Con acordo	322.674	244.427	312	79.680
Sen acordo	16.199	7.023	77	9.247

* Os datos corresponden a ERE comunicados á Dirección Xeral de Traballo e inclúen unicamente persoas traballadoras afectadas por procedementos de ámbito estatal, non inclúen procedementos provinciais ou de CC.AA.

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Traballo e Economía Social.

Facendo unha análise dos meses anteriores ao estado de alarma, **de xaneiro e febreiro 2020** apreciase que son os despedimentos colectivos os que maior número de persoas teñen afectadas, seguido das suspensións de contratos. Se nos fixamos nas provincias é Pontevedra a que ten máis persoas afectadas, seguida da Coruña, e a que menos ten e Ourense.

Cadro 11.2**Persoas traballadoras afectadas por despedimentos colectivos, suspensión de contrato e redución de xornada. Galicia. Período: xaneiro/febreiro 2020***

	Despedimentos colectivos	Suspensión de contrato	Redución de xornada	Total acumulado xaneiro/febreiro
A Coruña	104	18	1	123
Lugo	15	39	22	76
Ourense	22	22	10	34
Pontevedra	79	108	4	191
Galicia	220	167	37	424

*Os datos inclúen unicamente persoas traballadoras de expedientes de ámbito nacional, por non dispoñer dos datos facilitados polas CC.AA.

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Traballo e Economía Social.

No cadro 11.3 podemos ver o total acumulado de xaneiro a decembro e comparalo co mesmo período do ano anterior. Destaca o aumento en 35.501 persoas. O que supón un 756,6% máis en termos globais. Se facemos a análise polo tipo de expediente, vemos que o aumento dáse nos expedientes de suspensión e redución de xornada, xa que nos despedimentos colectivos apréciase un descenso de 1.505 persoas afectadas.

Cadro 11.3

Persoas traballadoras afectadas por despedimentos colectivos, suspensión de contrato e redución de xornada. Galicia. 2020*

	Valores Absolutos	Variación Ano anterior
Despedimentos colectivos	451	-1.505
Suspensión de contratos/reducción de xornada	39.742	37.006
Total	40.193	35.501

*Os datos inclúen unicamente persoas traballadoras de expedientes de ámbito nacional, por non dispoñer dos datos facilitados polas CC.AA.
Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Comparando as distintas CC.AA. vese que e A Rioxa, seguida de Ceuta e Melilla e Baleares as que máis incremento tiveron. Entre as de menos incremento están Comunidade Valenciana, Cantabria e Asturias.

Cadro 11.4

Persoas traballadoras afectadas por despedimentos colectivos, suspensión de contrato e redución de xornada*. Por CC.AA. 2020

	ACUMULADOS XANEIRO-DECEMBRO					
	DESPEDIMIENTOS COLECTIVOS			SUSPENSIÓN DE CONTRATO/REDUCCIÓN DE XORNADA		
	V. absolutos	Variación sobre igual período ano anterior		V. absolutos	Variación sobre igual período ano anterior	
		Absolutos	En %		Absolutos	En %
Total	8.614,0	-22.257,0	-72,1	1.009.175,0	951.119,0	1.638,3
Andalucía	1.527,00	-2.053,00	-57,3	125.554,0	123.845,0	7.246,6
Aragón	189,00	-859,00	-82,0	31.682,0	30.076,0	1.872,7
Asturias	74,00	-882,00	-92,3	22.717,0	20.531,0	939,2
Baleares	174,00	-358,00	-67,3	39.162,00	38.527,0	6.064,2
Canarias	346,00	-1.089,00	-75,9	33.783,0	31.790,0	1.595,1
Cantabria	89,00	-191,00	-68,2	9.681,0	7991	472,8
Castela-A Mancha	211,00	-586,00	-73,5	27155	26.536,0	4.286,9
Castela e León	438,00	-538,00	-56,5	48.409,0	44.342,0	1.090,3
Cataluña	1.294,00	-6.094,00	-82,5	186.230,0	181.720,0	4.029,3
Comunidade Valenciana	665,00	-1.956,00	-74,6	89.664,0	64.791,0	260,5
Extremadura	152,00	-348,00	-69,6	8.159,0	7.899,0	3.038,1
Galicia	451,00	-1.505,00	-76,90	39.742,00	37.006,00	1.352,60
Madrid	2.412,00	-4.129,00	-63,1	261.629,0	254.672,0	3.660,7
Murcia	72,00	-732,00	-91,0	18.923,0	18.284,0	2.861,3
Navarra	23,00	-510,00	-95,7	14.957,0	13.546,0	960,0
País Vasco	472,00	-258,00	-35,3	43.544,0	41.413,0	1.943,4
A Rioxa	11,00	-100,00	-90,1	6.303,0	6.271,0	19.596,9
Ceuta e Melilla	14,00	-39,00	-73,6	1.881,0	1.879,0	93.950,0

*Os datos inclúen unicamente persoas traballadoras de expedientes de ámbito nacional, por non dispoñer dos datos facilitados polas comunidades autónomas.
Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Os expedientes segundo o sector de actividade e a medida adoptada, a nivel estatal quedan reflectidos no cadro 11.5, no que se confirma a tendencia á alza en todos os sectores, especialmente no sector servizos, seguido do da construción. O que menor incremento tivo foi o sector industrial.

Analizando o tipo de ERE, nos despedimentos colectivos reflíctese unha redución, mentres que nos de suspensión e redución de xornada o aumento e do 1.638,6%. Débese ter en conta que dende xuño todos os expedientes de redución de xornada convertéronse en expedientes de suspensión, ao ter as empresas que converter as horas de redución en días completos.

Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia 2020

Cadro 11.5

Persoas traballadoras afectadas por despedimentos colectivos, suspensión de contrato e redución de xornada, por sección de actividade económica. España. 2020

SECTORES	ACUMULADOS XANERO-DECEMBRO								
	DESPEDIMIENTOS COLECTIVOS			SUSPENSIÓN DE CONTRATO/REDUCCIÓN DE JORNADA			TOTAL		
	V. absolutos	Variación sobre igual período ano anterior		V. absolutos	Variación sobre igual período ano anterior		V. absolutos	Variación sobre igual período ano anterior	
		Absolutos	En %		Absolutos	En %		Absolutos	En %
Agrario	254	118	86,80	6.920	6.227	898,60	7.174	6.345	765,4
Industria	2.141	-6.895	-76,30	118.914	75.675	175,40	120.955	68.780	131,8
Construción	821	-566	-40,807,00	23.422	22.566	2.636,20	24.243	22.000	980,8
Servizos	5.398	-14.914	-73,40	860.019	846.651	6.333,40	865.417	831.737	2.469,5
Total	8.614	-22.257	-72,1	1.009.175	951.119	1.638,3	1.017.789	928.862	1.044,5

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social. Datos provisionais. Corresponden aos procedementos de regulación de emprego comunicados á Dirección Xeral de Trabajo e inclúen unicamente persoas traballadoras de ámbito nacional.

Unha análise máis detallada das seccións de actividade económica mostran que o comercio, a hostalaría e outros servizos son das seccións máis afectadas polo incremento de persoas.

Cadro 11.6

Persoas traballadoras afectadas por despedimentos colectivos, suspensión de contrato e redución de xornada, por sección de actividade económica. España. 2020

SECCIONES	ACUMULADOS XANERO-DECEMBRO		
	TOTAL		
	V. absolutos	Variación sobre igual período ano anterior	
		Absolutos	En %
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	7.174	6.345	765,4
Industrias extractivas	735	107	17,0
Industria manufacturera	107.320	55.845	108,5
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	10.121	10.114	144.485,7
Subministración de auga, saneamento, xestión de residuos	24.243	2.714	4.175,4
Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos a motor	287.610	279.345	980,8
Transporte e almacenamento	98.461	93.956	3.379,9
Hostalaría	164.141	159.222	2.085,6
Información e comunicacións	27.098	24.910	3.236,9
Actividades financeiras e de seguros	7.237	2.315	1.138,5
Actividades inmobiliarias	2.862	2.689	47,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	52.746	50.434	1.554,30
Actividades administrativas e servizos auxiliares	132.826	128.613	2.181,4
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria.	196	189	3.052,8
Educación	12.819	12.428	2.700,0
Actividades sanitarias e de servizos sociais	14.891	14.212	3.178,5
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	21.418	20.764	2.093,1
Outros servizos	40.326	39.875	8.841,5
Actividades fogares empregadores persoal doméstico, produtores de bens e servizos		-1	-100,0
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	2.786	2.786	

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social. Datos provisionais. Corresponden aos procedementos de regulación de emprego comunicados á Dirección Xeral de Trabajo e inclúen unicamente persoas traballadoras afectadas por procedementos de ámbito nacional.

Pasaremos agora a facer unha análise des altas iniciais de prestacións derivadas de ERTE COVID-19 cos datos facilitados polo SEPE.

En primeiro lugar veremos a taxa de cobertura das prestación de desemprego comparando os datos dos tres primeiros meses do 2020 co resto do ano. Vemos que hasta marzo de 2020 a taxa de cobertura era similar a de outros anos, en torno ao 65%.

A partir de abril coas solicitudes colectivas dos ERTE COVID-19 dispárase a cobertura ata o 127,2%, chegando ao 134,8% en maio. Dende xuño coa fin do estado de alarma comeza a baixar a taxa.

Por sexos a taxa de cobertura foi un pouco superior en homes co 68,6% de media, fronte ao 59,3% das mulleres.

Cadro 11.7

Taxa de cobertura de prestacións de desemprego. España. 2020. En porcentaxe

	Xaneiro	Febreiro	Marzo						
Xaneiro/marzo	66,1	65,0	62,4						
	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Abril/décembro	127,2	134,8	109,2	91,1	82,3	71,9	71,4	66,2	63,3

Fonte: SEPE. Elaboración propia.

Seguindo cos datos facilitados polo SEPE e desagregado por provincias pódese ver que é A Coruña a que tivo maior número de prestacións no período de abril a decembro 2020, seguida de Pontevedra, e Lugo está no derradeiro lugar.

Si temos en conta o sexo son os homes os que percibiron maior número de prestacións con 156.326, fronte as 153.518 das mulleres.

Comparando Galicia co resto das CC.AA. apréciase que as prestacións ERTE COVID-19 percibidas na nosa comunidade supuxeron un 5% do total.

A maior porcentaxe de prestacións pagadas sobre o total tena Cataluña co 20%, seguida da Comunidade de Madrid co 16% e Andalucía co 13,4%.

As menores porcentaxes están en Ceuta e Melilla que nos chegan ao 1%, quédanse no 0,08%, e A Rioxa con 0,7%.

Cadro 11.8

Desagregación altas iniciais de prestación contributiva, suspensión e desemprego parcial por comunidades autónomas. Acumulado abril-décembro 2020

	Suspensión emprego	Desemprego parcial	Total
Andalucía	739.584	95.774	835.358
Aragón	153.663	23.450	177.113
Asturias	105.839	13.981	119.820
Baleares	237.367	33.373	270.740
Canarias	375.592	36.812	412.404
Cantabria	58.563	8.176	66.739
Castela-A Mancha	161.355	27.503	188.858
Castela e León	243.372	37.013	280.385
Cataluña	1.078.617	172.285	1.250.902
Comunidade Valenciana	524.468	118.793	643.261
Estremadura	59.045	8.318	67.363
Galicia	267.386	42.458	309.844
Madrid	797.856	210.305	1.008.161
Murcia	110.197	13.901	124.098
Navarra	82.235	11.081	93.316
País Vasco	267.359	60.929	328.288
A Rioxa	34.008	8.092	42.100
Ceuta	4.443	447	4.890
Melilla	4.737	382	5.119
Total	5.305.686	923.073	6.228.759

Fonte: SEPE. Elaboración propia.

Como xa se expuxo anteriormente, pola falta de datos comunicados polas CC.AA. á Dirección Xeral de Traballo, este ano non dispoñemos de máis datos para a elaboración do informe.

11.2. Fogasa

O Fogasa (Fondo de Garantía Salarial) é un organismo autónomo pertencente ao Ministerio de Traballo e Economía Social creado para garantir os créditos salariais en situacións de insolvencia da empresa.

O Fogasa regúlase polo Real decreto 505/1985, do 6 de marzo, polo que se establece a súa natureza, organización e funcionamento.

Están protexidas polo Fogasa as persoas traballadoras contratadas laboralmente, con independencia do tipo de empresa e contrato ou da relación laboral especial. Está incluído o persoal de alta dirección e as persoas suxeitas a prestación de servizos de carácter transnacional. Tamén están amparadas as persoas socias traballadoras de sociedades laborais que contén cun número de socias e socios superior a 25.

Están fóra do seu ámbito de protección as persoas ao servizo do fogar e as que ostenten cargos de conselleiros/as e administradores/as de sociedades mercantís capitalistas que non posúan o control efectivo, cando desenvolvan funcións de dirección e xerencia e sexan retribuídas por iso ou pola súa condición de persoas traballadoras. Tampouco están no seu ámbito de cobertura as persoas socias traballadoras de cooperativas de traballo asociado ou explotación comunitaria da terra.

As prestacións económicas satisfeitas polo Fogasa teñen como finalidade:

- Garantir ás persoas traballadoras por conta allea o percibo dos salarios e as indemnizacións pendentes de pago como consecuencia de desequilibrios patrimoniais das empresas nos casos de insolvencia declarada e recoñecida xudicialmente, suspensión de pagos, quebra, forza maior ou concurso de acredores, derivadas de despedimento improcedente ou nulo, despedimento obxectivo ou extinción colectiva, extinción do contrato por vontade da persoa traballadora mediando causa xusta, así como extinción de contratos temporais nos casos que legalmente proceda.

Estas circunstancias deben ser recoñecidas por sentenza, auto, acta de conciliación xudicial ou resolución administrativa ou certificación da administración concursal, nos supostos de indemnización, ou por acta de conciliación xudicial ou administrativa, resolución xudicial ou certificación da administración concursal, nos supostos de salarios.

- Pagar directamente as seguintes indemnizacións, sen necesidade de declaración de insolvencia ou concurso:
 - . Empresas de menos de 25 persoas traballadoras, o 40% da indemnización legal, en caso de despedimento obxectivo ou extinción colectiva.
 - . Expedientes de regulación de emprego por causa de forza maior, cando a autoridade laboral acorde o pago parcial ou total da indemnización.

Tanto no conxunto do Estado como en Galicia reducíronse, con respecto a anos anteriores, o número de expedientes e de persoas beneficiarias das resolucións do Fogasa.

Esta redución tamén se aprecia nas empresas afectadas, en Galicia e en España.

En Galicia a **redución do número de persoas beneficiarias** de prestacións do Fogasa foi en 2020 do 15%, con respecto a 2019.

A nivel estatal a redución alcanzou o 11% no 2020, menos que en Galicia.

Comparando as provincias galegas, o único aumento deuse en Lugo en 2020 cun incremento do 44%. Nas outras tres provincias a redución foi: Ourense 25%, Pontevedra 21.5% e A Coruña 19%.


Cadro 11.9

Fogasa. Expedientes, empresas afectadas e persoas beneficiarias segundo sexo, por provincia. Galicia. 2020

	Expedientes	Empresas	Persoas beneficiarias		
			Ambos sexos	Homes	Mulleres
Galicia	3.748	1.214	4.261	2.501	1.726
A Coruña	1.838	630	2.161	1.171	970
Lugo	724	146	795	563	225
Ourense	264	95	288	162	123
Pontevedra	922	363	1.017	605	408

Elaboración propia.

Fuente: Ministerio de Trabajo e Economía Social.



Como consecuencia da diminución das persoas beneficiarias e empresas afectadas, hai tamén unha **diminución dos importes dos salarios acordados** tanto en España como en Galicia.

No conxunto do Estado a redución foi:

2020: mulleres 12% e homes 7%

Mentres que en Galicia:

2020: Mulleres 18% e homes 6,5%

Tomando como referencia as catro provincias galegas, obsérvase o maior descenso en Ourense (46%), seguida de Pontevedra (16,6%) e A Coruña (7%). Mentres que Lugo aumentou en un 15%.

Cadro 11.10

Importe dos salarios acordados segundo sexo, por provincia. Galicia. 2019-2020

	IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS (miles de €)					
	Ambos sexos ⁽¹⁾		Homes		Mulleres	
	2019	2020	2019	2020	2019	2020
España	191.545,2	176.229,4	124.759,0	116.459,0	62.996,9	55.187,9
Galicia	13.744,7	12.307,8	8.509,0	7.955,3	5.153,6	4.214,8
A Coruña	7.593,0	7.005,1	4.764,8	4.347,8	2.803,0	2.566,4
Lugo	1.662,0	1.918,1	942,3	1.417,5	705,9	481,0
Ourense	1.203,7	645,7	729,1	376,1	474,6	257,0
Pontevedra	3.286,0	2.738,9	2.072,8	1.813,9	1.170,1	910,4

(1) a suma de varóns e mulleres non coincide con "Ambos sexos" porque éste inclúe os non clasificables por sexo.

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2019/2020.

Seguindo a tendencia das reducións do número de persoas beneficiarias e empresas en 2020, tamén se reduciron os **importes das indemnizacións** acordadas.

En España estas reducións foron:

2020: mulleres 12,6% e homes 16%

En Galicia as redución foron so no colectivo feminino, no masculino o que hai e un aumento:

2020: mulleres redución do 27,6% e homes aumento do 10%

A nivel provincial e sen desagregar por sexo, o único aumento experimentouse en Lugo e a menor redución dáse na Coruña (8%) e a maior en Pontevedra (23%).

Cadro 11.11

Importe das indemnizacións acordadas segundo sexo, por provincia. Galicia. 2019-2020

	IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS (miles de €)					
	Ambos sexos ⁽¹⁾		Homes		Mulleres	
	2019	2020	2019	2020	2019	2020
España	329.420,4	282.920,1	208.274,6	174.848,2	116.765,8	101.988,2
Galicia	24.540,9	23.046,8	13.370,5	14.889,1	11.027,5	7.977,9
A Coruña	13.970,7	12.814,4	7.305,6	7.738,1	6.641,7	4.960,4
Lugo	2.275,3	3.609,1	992,3	2.600,3	1.258,3	787,9
Ourense	1.882,2	1.688,0	1.006,9	1.117,5	875,2	555,0
Pontevedra	6.412,7	4.935,3	4.065,7	3.233,2	2.252,3	1.674,7

(1) a suma de varóns e mulleres non coincide con "Ambos sexos" porque éste inclúe os non clasificables por sexo.

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2019/2020.

Nos cadros 11.12 e 11.13 pódese apreciar, desagregados por tipoloxía de salarios e indemnizacións, execucións laborais ou procedementos concursais, os importes acordados.

Cadro 11.12

Importe dos salarios acordados segundo motivo de solicitude por provincia.

España/Galicia. 2019-2020

	IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS (miles de €)					
	Total		Execucións laborais		Procedementos concursais	
	2019	2020	2019	2020	2019	2020
España	191.545,2	176.229,4	116.806,9	87.382,1	74.730,8	88.847,2
Galicia	13.744,7	12.307,8	7.135,0	4.950,1	6.609,7	7.357,7
A Coruña	7.593,0	7.005,1	3.950,1	2.543,6	3.642,9	4.461,6
Lugo	1.662,0	1.918,1	599,0	379,1	1.063,0	1.539,0
Ourense	1.203,7	645,7	662,1	420,5	541,6	225,2
Pontevedra	3.286,0	2.738,9	1.923,8	1.607,0	1.362,2	1.131,9

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2019/2020.

Cadro 11.13

Importe das indemnizacións acordadas segundo motivo da solicitude, por provincia. España/Galicia. 2019-2020

	INDEMNIZACIÓNS (miles de €)							
	Total		Por impago da empresa				Responsabilidade directa Fogasa	
			Execucións laborais		Procedementos concursais			
	2019	2020	2019	2020	2019	2020	2019	2020
	España	329.420,4	282.920,1	150.398,5	117.217,8	178.582,8	165.559,7	439,1
Galicia	24.540,9	23.046,8	10.304,2	7.309,3	14.229,4	15.737,0	7,1	0,4
A Coruña	13.970,7	12.814,4	5.351,5	3.416,4	8.612,0	9.397,6	7,1	0,4
Lugo	2.275,3	3.609,1	875,2	505,8	1.400,2	3.103,3	0,0	0,0
Ourense	1.882,2	1.688,0	957,0	593,7	925,1	1.094,2	0,0	0,0
Pontevedra	6.412,7	4.935,3	3.120,5	2.793,3	3.292,1	2.142,0	0,0	0,0

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2019/2020.